

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Corrección de erros.—Decreto 272/1992, do 14 de maio, de modificación do Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública.

Advertido erro na publicación do citado decreto efectuada no DOG nº 189, do pasado luns 28, procede a súa rectificación.

Na páxina 7.744, onde di: «sen habilitación de carácter nacional, que representa a EGAP», debe dicir: «sen habilitación de carácter nacional, que representa á EGAP».

Consellería de Industria e Comercio

Orde do 17 de agosto de 1992 pola que se establecen normas de procedemento en relación coa aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento referente a guindastres-torre desmontables para obra, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 aprobada por orde do 28 de xuño de 1988 establece as prescricións do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento, no referente ás condicións de seguridade esixibles na construción, montaxe e utilización de guindastres-torre desmontables para obra.

A experiencia obtida na aplicación da ITC aconsella establecer unha norma que aclare e complete aspectos contidos nela para lograr unha unidade de criterio na súa aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, e co obxecto de desenvolver unha mellor actuación administrativa na aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM 2 e de acordo coa competencia que na materia de industria outorga o Estatuto de autonomía.

ORDENO

Artigo 1.—Obxecto.

A presente orde ten por obxecto establece-las normas de procedemento relativas á aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento referente a guindastres-torre desmontables para obra.

Artigo 2.—Documentación que se presentará para a instalación e posta en servizo do guindastre-torre.

a) Para a súa instalación presentárase perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda a seguinte documentación:

1.—Instancia-proxecto segundo modelo que se establece no anexo I.

2.—Documento que acredite o guindastre: certificado do fabricante ou certificado de ENICRE, se é o caso.

3.—Libro-historial do guindastre actualizado.

4.—Solicitud de enerxía eléctrica para a obra.

b) Posta en servizo.

Presentárase perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda certificado de montaxe do guindastre, estendido por técnico titulado competente, segundo modelo que se establece no anexo II.

Artigo 3.—Empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre.

Considéranse empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre as dedicadas á instalación, montaxe, mantemento e reparación destes e que figuran inscritas no rexistro correspondente.

Artigo 4.—Requisitos que deben reuni-las empresas instaladoras-conservadoras.

Para a súa inscrición no rexistro de empresas instaladoras conservadoras de guindastres-torre acreditaráse perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda o cumprimento dos requisitos seguintes:

a) En canto ó persoal.—Disporán dun técnico titulado, enxeñeiro superior ou técnico nas ramas de electricidade, electrónica ou mecánica que será responsable técnico e expedirá os correspondentes certificados de montaxe.

O dito técnico terá relación laboral coa empresa, cunha dedicación mínima de media xornada, sen que poida prestar servizos como responsable técnico en máis de dúas empresas.

Así mesmo, disporán dun mínimo de tres montadores en xornada completa, dos cales dous deberán ser mecánicos e o terceiro eléctrico.

Os montadores terán formación profesional de FP-I nas especialidades de electricidade, electrónica ou mecánica ou, no seu defecto, unha experiencia non inferior a dous anos en traballos de montaxe e/ou conservación en empresas do sector. A dita experiencia acreditaráse mediante os correspondentes certificados de empresa. Para cuantificación do dito persoal non se terán en conta os traballadores con contrato de formación, prácticas ou a tempo parcial.

b) Medios materiais.—As empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre disporán dun local en propiedade ou alugueiro ó seu nome, con licenza de apertura e dotado de teléfono, ferramentas e stock de repostos de uso frecuente. Así mesmo, disporán, polo menos, dun vehículo para desprazamentos.

c) Póliza de seguros.—As empresas instaladoras-

-conservadoras de guindastres-torre deberán ter cuberta súa responsabilidade civil cunha póliza de seguros dunha contía mínima de 60.000.000 ptas. por accidente.

A dita contía será revisada anualmente de acordo coa variación do índice de prezos de consumo facilitado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 5.—Solicitud de inscrición como empresa instaladora-conservadora de guindastres-torre.

As persoas físicas ou xurídicas que se propoñan facer actividade como empresa instaladora-conservadora de guindastres-torre deberán xuntar á solicitud de inscrición no rexistro a seguinte documentación:

- Alta no imposto de actividades económicas.
- Alta e inscrición da empresa na Seguridade Social, cando proceda.
- Escritura de constitución da sociedade, cando proceda.
- Partes de alta no réxime especial de traballadores autónomos, cando proceda.
- Contratos de traballo dilixenciados polo Instituto Nacional de Emprego, cando proceda.
- Titulación académica do responsable técnico.
- Titulación académica ou certificados acreditativos da experiencia profesional dos montadores.
- Póliza de seguro.
- Título de propiedade ou contrato de alugueiro do local.
- Contrato de teléfono.
- Fotocopia compulsada do permiso de circulación e tarxeta ITV do vehículo ou vehículos dedicados ó servizo.

Artigo 6.—Renovación da inscrición.

A validez da inscrición como empresa instaladora-conservadora de guindastres-torre será de dous anos, prorrogables por petición dela, por períodos iguais de tempo, sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para a súa inscrición inicial.

A inscrición será anulada no momento en que se comprobe que a empresa deixe de cumprir cos requisitos establecidos na presente orde.

Artigo 7.—Actuación de empresas instaladoras-conservadoras en provincias da comunidade autónoma distintas da súa inscrición inicial.

As empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre poderán desenvolver a súa actividade en provincia distinta da da súa inscrición inicial, sempre e cando o comuniquen previamente á delegación provincial de Industria e Comercio que corresponda e acrediten perante ela a vixencia da súa autorización.

Artigo 8.—Actuación de empresas instaladoras-conservadoras procedentes doutras comunidades autónomas.

As empresas instaladoras-conservadoras procedentes doutras comunidades autónomas poderán realizar a actividade de instalación e montaxe de guindastres-torre sempre que acrediten perante a delegación provincial de Industria e Comercio correspondente a vixencia da súa autorización na provincia de orixe.

Para realizar a actividade de mantemento e reparación deberán inscribirse como empresa instaladora-conservadora nunha provincia da Comunidade Autónoma acreditando o cumprimento dos requisitos do artigo 4º.

Artigo 9.—Fabricantes.

Nos aparellos que pola súa complexidade técnica precisen a intervención do fabricante, este poderá realizar operación de montaxe e reparación de guindastres-torre, sempre que se xustifique tecnicamente, con carácter previo, perante a delegación provincial de Industria e Comercio que lle corresponda a necesidade da súa intervención.

Artigo 10.—Obrigas das empresas instaladoras-conservadoras.

As empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre deberán cumprir con tódalas obrigas derivadas da aplicación do Regulamento de aparellos elevadores e o seu mantemento e a instrucción técnica complementaria ITC MIE-AEM2.

As incidencias observadas nas inspeccións periódicas anotaranse no libro historial do guindastre.

Artigo 11.—Cambio de empresa instaladora-conservadora.

Os propietarios ou usuarios de guindastres-torre que desexen cambiar de empresa instaladora-conservadora notificarano na delegación provincial de Industria e Comercio correspondente, xuntando informe da empresa instaladora-conservadora actual e da proposta, segundo modelo que figura como anexo III.

Unha vez que a delegación provincial reciba a notificación, a nova empresa conservadora asume a responsabilidade do mantemento do guindastre-torre.

Artigo 12.—Operador de guindastres-torre. Requisitos e obrigas.

A condución do guindastre-torre será feita exclusivamente pola persoa especialmente designada polo usuario e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Idade mínima 18 anos.
- b) Condicións psicosomáticas axeitadas.
- c) Someterse a exame médico e psicotécnico previo á súa designación.
- d) Acreditar unha instrucción profesional suficiente nas seguintes materias:

—Nocións elementais de electricidade e motores de combustión interna, se fose necesario.

—Nocións sobre características dos guindastres-torre.

—Coñecemento dos principais mecanismos e interpretación da documentación básica dos guindastres-torre.

—Coñecemento do cadro de ademáns.

As delegacións provinciais da Consellería de Industria poderán esixir a superación dunha proba de aptitude profesional ás persoas designadas como operadores de guindastre.

Serán obrigas do operador de guindastre:

—Recoñecemento do guindastre.

—Verificación do apromo do guindastre.

—Verificación de lastres e contrapesos.

—Verificación de niveis de aceite e recoñecemento de puntos de agarre.

—Comprobación dos mandos en baleiro.

—Comprobación da actuación dos dispositivos de seguridade.

—Correcta posta fóra de servizo do guindastre.

—Comprobación do estado dos cables de aceiro e accesorios de elevación.

—Comunicar ó seu superior calquera anomalía observada no funcionamento do guindastre.

Artigo 13.—Inspección, infraccións e sancións.

Corresponde ós servizos competentes das delegacións provinciais da Consellería de Industria e Comercio velar polo cumprimento das normas establecidas na presente orde.

As infraccións do disposto nela sancionaranse de conformidade co disposto nos artigos 20, 21 e 22 de Regulamento de aparellos elevadores e o seu mantemento e aprobado polo Real decreto 2.291/1985, do 8 de novembro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As empresas instaladoras-conservadoras inscritas nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Industria e Comercio con anterioridade á publicación da presente orde dispoñen do prazo de seis meses para acreditar o cumprimento dos requisitos que se establecen nela. Transcorrido ese prazo serán dadas de baixa no rexistro e non poderán instalar nin conservar guindastres-torre ata que os autorice unha nova inscrición.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 1992.

Juan José Fernández García
Conselleiro de Industria e Comercio

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA-PROXECTO

Usuario do guindastre.....
Nome..... DNI/CIF.....
Enderezo..... Localidade..... Teléfono.....

Situación do guindastre (obra):

Rúa ou lugar:..... Localidade.....
Tempo previsto de permanencia do guindastre:.....

O abaixo asinante, usuario do guindastre-torre que se sinala, solicita que lle sexa tramitada a adxunta documentación, de acordo co disposto na normativa industrial vixente, comprometéndose a cumprilo previsto pola lexislación doutros organismos, declarando así mesmo que se encontra ó día de inspeccións periódicas e demais obrigas, segundo o Regulamento en aparellos de elevación e mantemento e ITC-MIE-AEM-2.

..... de de 19..

Persoas e entidades relacionadas co guindastre-torre.

Propietario:..... DNI/CIF:.....
Domicilio:..... Teléfono:.....

O propietario

Sinatura e selo

Empresa instaladora..... Nº rexistro.....
Domicilio:..... Municipio:..... Teléfono:.....

A empresa instaladora

Sinatura e selo

Empresa conservadora:..... Nº rexistro.....
Domicilio:..... Municipio:..... Teléfono:.....

A empresa conservadora

Sinatura e selo

O técnico titulado D..... colexiado nº do Colexio Oficial de redacta o presente proxecto para os efectos do disposto na instrucción técnica complementaria MIE-AEM 2 do Regulamento de aparellos de elevación e o seu mantemento referente a guindastres-torre desmontables para obra e fai constar que está de acordo co expresado en canto a condicións de instalación na norma UNE 58-101/2 «Aparellos pesados de elevación. Condicións de resistencia e seguridade nos guindastres-torre desmontables para obras. Condicións de instalación e utilización».

1.—Memoria descriptiva:

1.1.—Características do guindastre-torre.—

Marca Tipo Ano de fabricación

Nº fabricación..... Altura máxima autoestable.....

Datos definitorios de arriostamento.....

Alturas de montaxe: Inicial..... Final.....

Características lastre: Inicial Final

Características da pluma e contrapluma.....

.....

Características contrapeso.....

Cargas e distancias admisibles.....

Tipo de reenvío de elevación.....

Características da vía de rodadura (se é o caso).....

.....

Velocidades.....

Cables.....

Dispositivos de seguridade

.....

1.2.—Diagramas de cargas e alcances

.....

.....

.....

1.3.—Características da instalación eléctrica da alimentación ó guindastre-torre.

—Empresa subministradora

—Tensión de alimentación

—Sistema de protección eléctrica

.....

—Posta a terra

2.—Cálculos xustificativos.

Definirase a solución adoptada de acordo coa norma UNE 58-101/2 e xuntaranse os cálculos feitos e coeficientes de seguridade adoptados para:

a) Arriostamento

b) Fundación

3.—Planos.

Xuntaranse planos sobre:

- a) Situación da obra con accesos respecto a estradas e vilas.
- b) Emprazamento do guindastre-torre, con indicación de áreas de varrido da pluma e cotas máximas dos edificios, instalacións e obstáculos colindantes.
- c) Plan de arriostamento, sé é o caso.
- d) Plano de fundación e camiño de rodadura.

4.—Presuposto.

A instalación do guindastre-torre obxecto deste proxecto ocasiona os gastos seguintes:

1.—Man de obra.....	ptas.
2.—Medios auxiliares	ptas.
TOTAL.....	ptas.

Co exposto anteriormente, o técnico asinante considera suficientemente descrita a instalación do guindastre-torre obxecto de este proxecto.

O técnico autor do proxecto

Visado por:

Asinado:

ANEXO II

MODELO DE CERTIFICADO DE MONTAXE

1.—Datos da obra e instalación.

Situación do guindastre/obra:

Rúa/lugar Nº

Poboación..... Municipio.....

Propietario do guindastre:

Nome..... DNI/CIF.....

Xefe de obra

Nome..... DNI.....

2.—Características do guindastre.

Marca Tipo

Ano fabricación Nº fabricante

3.—Certificación.

D. con titulación de

..... colexiado nº como director dos traballos de montaxe e instalación.

CERTIFICO: que o guindastre-torre descrito, coa situación a que se indica, cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación, fundamentalmente o Regulamento de aparellos de elevación e mantemento e a ITC-MIE-AEM2 referente a guindastres-torre desmontables para obra, a norma UNE 58-101/2, e o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

..... de..... de 19..

O técnico titulado

Asinado:

4.—Certificación de funcionamento.

D. como responsable técnico da empresa instaladora

D. como usuario do guindastre-torre arriba indicado.

DECLARAMOS: que, comprobado o correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade, de acordo co disposto nas normas UNE 58-101/10.

..... de..... de 19..

Sinatura e selo do usuario

Sinatura e selo do instalador

ANEXO III

MODELO DE NOTIFICACIÓN DE CAMBIO DE EMPRESA CONSERVADORA DE GUINDASTRE-TORRE.

D....., como usuario do guindastre-torre Marca Tipo Ano de fabricación situado na rúa..... Municipio..... en cumprimento do disposto no Regulamento de aparellos elevadores e o seu mantemento.

NOTIFICA a esta delegación provincial que procede designar como nova empresa conservadora para o guindastre-torre descrito a empresa O mantemento e conservación veuno facendo ata o día da data a empresa... sendo os motivos do cambio os seguintes:..... de de 19..

Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Industria e Comercio.

INFORME DA EMPRESA CONSERVADORA ACTUAL

D..... como..... da empresa conservadora de guindastres-torre..... rexistrada nesta delegación provincial co nº dá por sabido que o seu cliente desexa cambiar de empresa conservadora e manifesta emitindo o informe anexo sobre a adecuación dos aparellos ás normas regulamentarias vixentes: de de 19..

Sinatura e selo

INFORME DA NOVA EMPRESA CONSERVADORA

D..... como..... da empresa conservadora..... rexistrada nesta delegación provincial co nº acepta a designación como empresa conservadora do guindastre-torre descrito e manifesta:..... emitindo o informe anexo sobre a adecuación do aparello á normativa vixente. de de 19..

Sinatura e selo